

MÚSICA

Xochilmica, folk con estilo propio

► O grupo gañou o V Certame Folk Radio Obradoiro ► Está composto por mozos de Ames, Santiago e Val do Dubra ► De corte tradicional, apostan por composicións propias e ritmos bailables ► Preparan o repertorio do seu primeiro disco

M.X.GÓMEZ • SANTIAGO

Ten reminiscencias aztecas, pero baixo o epígrafe *Xochilmica* agóchase un mundo de música. Sons galegos, directos, frescos, diferentes e bailables. Quen argalla todo isto é un grupo de ilusionados mozos que responde ós nomes de Manuel Rey, Xan Pampín, Pablo Dalama, Manuel Iglesias *Sopas*, Ramón Maril e Juan Mouzo. Distribúense entre os concellos de Ames, Santiago e Val do Dubra.

A música de *Xochilmica* enganxa. E faíno porque con gaita, frauta traveseira, saxo soprano, clarinete, acordeón, tambor e bombo interpretan pezas de composición propia e corte tradicional pouco usuais no panorama galego actual. Os integrantes da formación proveñen doutras formacións como Rumbadeira ou da agrupación Cantigas e Agarimos.

Coincidiron, complementáronse e comezaron a tocar como *Xochilmica*. Din que non se senten coma acabados de chegar a isto do folk. Unha seguridade que contrasta cos inexplicabilmente poucos concertos que ofreceron ata a data. De feito, un dos cinco primeiros foi o que os levou á final do V Certame Folk Radio Obradoiro, celebrada o pasado mes de maio. Tres pezas as alí interpretadas, que lles deron o galardón: a gravación dun disco.


Se un lles pregunta polas razóns do seu éxito, responden que puido ser o factor diferencial o que marcou o punto de inflexión. Son conscientes de que eran a agrupación cun son máis directo, máis tradicional, cun número menor de compoñentes. O triunfo da sinxeleza, pero unha sinxeleza enganosa, xa que detrás hai un arduo e mentecoso traballo de composición e arranxo de cada peza interpretada.

Intencións de futuro

Proxectos hai, e moitos. No horizonte figura a gravación dese disco que *gañaron* unha vez que o xurado do V Certame Folk Radio Obradoiro pronunciou o seu nome. A principal idea de *Xochilmica* é tocar. Queren actuar, rodar moito e por diferentes escenarios. Afirman que antes de gravar un ten que saber defende-las pezas, ten que saber o que quere.

Coa sinceridade por bandeira, os compoñentes de *Xochilmica* aseguran sen reparos que aínda non teñen unha liña musical clara. Queren facer o que lles apeteza. Chegan avalados pola boa resposta que polo de agora obtiveron por parte do público ante o que se presentaron. Malia todo, e para acalar posibles voces, engaden que non están dende onte no mundo da música. O único que é novo é o nome: *Xochilmica*.

Tampouco deixa indiferente ó lector, e senón reflexionen, o feito de que a agrupación aínda non dese ningún recital nos seus con-



Catro dos compoñentes do grupo, Xan, Pablo, 'Sopas' e Manuel no exterior da sede de Radio Obradoiro durante unha visita recente



O grupo durante a súa actuación na final do V Certame Folk, no Teatro Principal

COTIZACIÓN

Con caché medio

A voltas co tema dos prezos, *Xochilmica* aposta pola existencia de grupos con cachés medios. Ou son moi altos ou case ridículos. Para obter máis datos, consulten os integrantes da formación ■

cellos de orixe. Un lapsus que de seguro se encargará de remediar quen teña a potestade para facelo. Cun sorriso, sen lle dar importancia ó feito, os integrantes do grupo suman e suman proxectos. Sobre o seu futuro primeiro disco non adiantan nada. Só din que será un traballo bailable. Non descartan colaboracións e teñen moi claro que serán composicións

propias. E iso é todo. De momento. Sen présa pero sen pausa se preséntanse no panorama musical. *Xochilmica* gusta. E faíno tanto se un se senta na butaca a escoitalos, se un baila con eles ou se un asina unha crítica. Non é doado unir ambos aspectos nin tampouco abrirse paso. De tódolos xeitos, o comezo foi prometedor. Aplausos e premios. Música galega.

TRAXECTORIA

Un concurso de referencia en Galicia

Do programa *En clave de folk*, emitido os luns en Radio Obradoiro, partiu a idea de realizar un certame folk dirixido a grupos novos de toda Galicia. Formacións que apostan pola cultura popular galega pero que apenas teñen oportunidades para actuar ou gravar un disco.

A iniciativa, apoiada por importantes firmas e entidades como a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o Concello de Santiago, chegou xa á súa quinta edición. Nas catro primeiras os gañadores foron os grupos *Alfolíes*, *Quempallou*, *Roi Xordo* e *Grodan Deflo*.

Nesta quinta edición, o xurado que decidiu a quen se lle entregaba o premio estivo composto por Pedro Pascual, Sonia Lebedynski, Davide Salvado, Benjamín Otero e Lois Atanes. Sobre o escenario estiveron Brendam, Árdelle o eixo, Lugnasad, Lumia e os que finalmente se proclamaron vencedores, *Xochilmica*.

Entre as súas próximas actuacións, figura unha o sábado 14 de agosto en Lardeiros, no concello do Pino ■